

O señor LÓPEZ VIDAL: Moitas gracias, señora presidenta.

Señora conselleira, señoras e señores deputados.

A política, para as persoas. Isto é outro exemplo. Onte falábase dun plan de reequilibrio territorial, na que participa dunha maneira moi sinalada a súa consellería, que pretende este plan loitar contra a fenda que se produxo neste noso territorio. Porque aínda somos moitos os que cremos que aínda estamos a tempo de mudar as cousas e de que é moi necesario mudalas.

E hoxe voltamos outra vez a falar dun servicio esencial para as persoas: o transporte, a mobilidade, a accesibilidade. ¿E que é todo esto?

O proceso de concentración da poboación en grandes conurbacións provoca importantes problemas de mobilidade. Os transportes son esenciais para facilitar e favorecer a mobilidade urbana, as relacións sociais, económicas e culturais. Xunto coas infraestruturas son o motor que impulsa a economía, establecendo no seu entorno iniciativas, iniciativas produtivas con mellores condicións de competitividade. Os transportes públicos de viaxeiros son un servicio de interese xeral ao servicio das persoas, dos cidadáns, como moi ben

vostede acaba de apuntar. E é preciso, cremos, dende o Grupo Parlamentario Socialista, favorecer e garantir a intermodalidade, a mobilidade e o benestar social das persoas, a calidade do servicio e o desenvolvemento sostible, introducindo condicións e características técnicas que deben cumprir os diferentes modos de transporte para contribuír ao desenvolvemento e conservación do medio ambiente. Unha determinada organización da mobilidade, dos transportes e do espacio público implica, como non pode ser doutro xeito, unha determinada opción política sobre o país e os seus habitantes. Todo é política.

A accesibilidade é un dereito individual que depende das características persoais dos cidadáns, pero ao mesmo tempo é unha opción política para un país na medida en que a cohesión social e territorial do espacio depende dela.

¿E cuales son esas medidas? As políticas públicas de mobilidade e de transporte teñen que relacionarse ca planificación territorial e urbana; é necesario implicar aos cidadáns ao traveso de fórmulas participativas; as necesidades de desprazamento non son únicas nin xenéricas, as políticas públicas teñen que adaptarse a estos distintos perfís e contemplalos de xeito singular. A mobilidade afecta a todas as

persoas sen distinción, na esfera laboral, cultural e relacional. Non ten só unha dimensión cotidiana senón que encerra unha perspectiva política que incide na opción de cidade e na forma de vida que se ofrece ás persoas e que enlaza con outras políticas: a da vivenda, a do deseño urbano, a do espacio público, etc., etc. Velaí a importancia desta cuestión que incide directamente na vida das persoas. Os cidadáns demandan un país habitable.

¿E cáles son os obxectivos dunha política de transporte público que debe recollerse neste camiño normativo que vostede vén de anunciar, señora conselleira? Primeiro, é a satisfacción da demanda de mobilidade en condicións de seguridade e comodidade da poboación en xeral, pero con especial atención aos estratos sociais menos favorecidos economicamente, daqueles colectivos que presenten algún tipo de mobilidade reducida e naquelas zonas onde resulte esencial promover a igualdade de oportunidades; coordinación administrativa en aras da consecución dunha rede íntegra de transporte público que atenda debidamente ás necesidades da mobilidade persoal e contribúa ao respecto ao medio ambiente; a consecución dos grados óptimos de calidade e seguridade na prestación da actividade de transporte mediante unha axeitada

utilización dos recursos dispoñibles e a redución do custo medioambiental. E a utilización racional e [...] dos recursos públicos que se destinen ás inversións e ao fomento dos transportes, debéndose empregar en proxectos e actuacións que ofrezan maior viabilidade e rendabilidade social; a promoción do transporte público regular de persoas, difundindo o coñecemento do mesmo e potenciando a súa utilización.

Estes deben ser, señorías, con claridade os obxectivos que se enmarca a consellería.

E nos fala tamén, señora conselleira, do Plan integral de transporte de Galicia. Menos mal que vén alguén despois de tanto tempo e nos trae a esta Cámara e nos fala dun plan, dunha planificación, dunha programación compartida para exercer unha actuación eficaz sobre o noso territorio. Ese plan nos dice vostede que vai definir as políticas de mobilidade en Galicia para consolidar un sistema de transporte público integrado –que isto é fundamental para nós–. Un transporte público que responda ás necesidades dos cidadáns e garanta a viabilidade económica e medioambiental dos servicios ofertados, un primeiro instrumento de planificación global que abrangue á totalidade dos sectores e modos de transporte de Galicia; un plan que actuará en coordinación cos demais instrumentos de

planificación que está a pór en marcha a súa consellería; directrices de ordenación do territorio, plan de infraestruturas, etc., etc. Un plan que garantirá un sistema de transporte de mercadorías que contribúa á competitividade das empresas, que tanto o necesitan. E un plan que vai poñer en marcha actuacións en materia de política social no sector do transporte que garantan a calidade de vida e o traballo dos seus profesionais. Un plan, en definitiva, que aposta con claridade pola intermodalidade, a inteconexión dos servizos portuario, viario e ferroviario.

¿Cuales as axudas á modernización dos transportes galegos? Vostede o acaba de apuntar aquí moi ben, máis de dez millóns de euros para mellorar a produtividade e o futuro deste sector que lle dá emprego a máis de dez mil familias neste país; e, por certo, tamén con elo se trata de corrixir outra ocorrencia que tivo o Partido Popular xa fai algún tempo e outras comunidades autónomas tamén gobernadas polo Partido Popular, compensar o famoso céntimo sanitario. Axudas destinadas á incorporación das novas tecnoloxías, emprego de combustibles, alternativas como o biodiesel e o fomento da seguridade; atribución de recursos públicos para fortalecer un

sector que precisa axuda e que atravesa dificultades e que debe ser máis produtivo.

Falounos vostede tamén, señora conselleira, do fomento do transporte público e nos puxo non exemplos virtuales, antes se utilizaba moito neste país o power point, nos puxo exemplos de realidades palpables que podemos ver e tocar todos os días. Todos coñecemos o formidable programa do Noitebus, que é un medio de desprazamento alternativo para que os nosos xoves viaxen de xeito mais seguro e económico durante unhas datas señaladas e que aposta por reducir algo moi importante, a siniestralidade nas estradas, especialmente entre os mozos, durante os desprazamentos nocturnos en períodos de fin de semana e festivos. Todos conocemos o programa do [...], e en Ourense en concreto, na miña provincia, temos unha experiencia moi favorable a este programa, transporte escolar compartido que mellora a mobilidade en zonas rurais cunha escasa presenza de transporte público concesionado. Permite desprazar as persoas ás cabeceiras dos concellos, onde normalmente se atopan os centros escolares e o resto dos servicios que son necesarios para a poboación que alí vive, e que supón unha maior eficiencia dos recursos sen menoscabo – isto é moi importante– da calidade do transporte escolar.

Houbo quen esto non o entendeu así e houbo que llo explicar tres veces para que o entenderan. Agora todo o mundo está satisfeito e contento, na Veiga, no Bolo e noutros concellos.

Falounos tamén de algo moi importante, do transporte metropolitano, da creación dunha rede coordinada de transporte colectivo de calidade que se concrete nuns parámetros, pero que son parámetros medibles, mensurables: fiabilidade, puntualidade, información en tempo real, accesibilidade aos lugares onde está a demanda e os destinos son mais importantes, e comodidade. E agora tamén, porque os cidadanos acaban de decidilo fai unhas semanas, isto do transporte metropolitano tamén vai ser posible en Ourense e en Vigo. Sobre todo eu me alegro especialmente polo de Ourense, porque ata o de agora foi total e absolutamente imposible disfrutar dun transporte metropolitano como é debido.

Transporte á demanda, é unha nova modalidade de transporte que vai favorecer dun xeito especial as zonas ailladas con poboación envellecida. Mellora do transporte ferroviario; o convenio con Renfe supuxo –vostede xa o dixo– un incremento substancial de rutas e un maior número de cidadáns beneficiados. E sobre todo algo moi importante para

o noso grupo está no principio da corresponsabilidade, a promoción do uso deste medio de transporte, algo tamén que nesta nosa Comunidade Autónoma era un páramo, nunca ninguén nos falou desto, por fin sabemos que neste país se pode ordenar o transporte aéreo, que hai moito por facer e que non existe nada feito.

E coincidimos, señora conselleira, en que o sistema eficaz de transporte permite superar problemas derivados da nosa condición periférica, que vai a actuar como un elemento vertebrador e un motor de desenvolvemento sostible, permitindo á economía galega gañar en competitividade, en cohesión social e en reequilibrio territorial. O fomento da [...] ten como obxectivo desconxestionar as estradas, que tanto o necesitamos, mellorar o transporte público e actuar sobre o benestar social e minorar o custe social da accidentalidade na estrada, apostar pola mobilidade sostible dos cidadáns.

O Goberno facendo deberes e cumprindo cos cidadáns, señor Gómez Alonso. As preocupacións que manifestou eiquí a conselleira foron dous dos eixos presentes no que se chamaba xa fai moitos anos, daquelas estaban vostedes eiquí nos bancos azules, o Libro blanco da política europea do transporte de cara ao 2010, a hora da verdade. Esta si que é a hora da verdade. ¿Que fixemos daquelas?

Estamos como estamos, como nos deixaron. Pero agora vén vostede reclamando e lendo os programas de goberno. Por certo, comprometimos e cumprimos, ou estamos a cumprir, cousa que vostedes non fixeron.

Porque, claro, vostedes fixeron propostas, estas que viñan no Libro branco e outros libros, incluso creo que había un libro verde tamén, feito pola Administración central. Todas estas propostas, tanto teóricas como prácticas, foron ignoradas por vostedes e polas políticas que se desenvolveron no pasado –vámoslle denominar así para non mosquealos–. E agora non queda máis remedio á señora conselleira e todo o seu equipo que poñerse ao día e recuperar as marchas forzadas o tempo perdido.

Aínda recoñecendo a existencia de condicións estruturais moi definidas: dispersión poboacional –xa non vou falar da periferia–, orografía, etc., non é menos certo que a política levada a cabo en Galicia nos derradeiros tempos por vostedes seguiu soamente criterios de alta rendabilidade privada e escasa en termos sociais e medioambientais, que tamén existen e para nós son máis importantes que o primeiro factor. Nunca se fixo un diagnóstico xeral do sistema de transportes en Galicia; a política de ordenación do territorio, a pesar do prometido, de que iba nos libros estes gordos de Petete que vostedes facían, nunca existiu; e houbo, ¡claro que houbo!, moita

demagogia, moita demagogia. Falaban de baixar impostos e subíanos pola porta de atrás, céntimo sanitario. E agora chega vostede eiquí e fálame de páxinas completas. ¿Vostede ten o valor de subir eiquí a esta tribuna e falar de páxinas completas? ¿Se acorda daquil “nun abrir e pechar de ollos”, e de repente aparecía o tren foguete? Eso fixérono vostedes, non este Goberno. E vai ter, por suposto, que participar nesta normativa que lle anunciou a conselleira, vostede, aos axentes sociais e aos concellos. E xa non quero falar máis do pasado, porque, en concreto, neste sector e no que se refire ao transporte público, cero patatero, señor deputado.

E póñolle sólo un exemplo. Vostede sabe que a conselleira solicitou comparecer en Pleno, e eiquí está, para explicar o que vai a facer, como se encontrou o transporte neste país e o que vai facer de cara ao futuro. ¡Claro que é; tamén era daquela, señora diputada!

Comparecencias en Pleno –tome nota, señor Gómez–. Nunca, nunca, un conselleiro do Partido Popular, nas dúas lexislaturas que mirei no Ágora, foi quen de comparecer en Pleno para falar de transporte en Galicia, ¡nunca! Solicitouse na quinta lexislatura unha comparecencia, e dúas na sexta lexislatura, para explicar precisamente a posición do Goberno galego, que daquelas apoiaban vostedes, en relación co Libro branco que antes lle mencionei. Contestación: el silencio. Levamos moito tempo perdido, pero eu

considero, señora conselleira, que co empuxe que vostede lle está a imprimir á consellería e ao seu equipo, a motivación e a axuda do sector do transporte, que é moi importante e sabe que a ten, será posible conquistar os obxectivos tan ambiciosos que vostede se marca.

Felicitacións desde o Grupo Socialista polas medidas que vai implementar a súa consellería para fomentar a competitividade do sector de transportes e o impulso de algo moi importante para nós, o transporte público. E pode vostede estar satisfeita, que o compromiso acadado diante dos cidadáns ten visos de cumprirse. E, polo menos, señor Alejandro Gómez Alonso, sexa honesto, perdón, minimamente consecuente, non honesto, como o seu compañeiro de escaño, o señor Negreira, que dice textualmente: “Negreira reconoce que la Xunta del PP olvidó el transporte metropolitano”. Hai que ter valor e reconocer as cousas.